

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 60-69

Naquel tempo, moitos dos discípulos Xesús dixeron:

– «¡Que dura é esta doutrina! ¿Quen pode admitir tal cousa?»

Comprendendo Xesús que os seus discípulos murmuraban do asunto, díxolles:

– «¿Escandalízavos iso? ¿E logo se vísedes o Fillo do Home subindo a onde estaba antes? O espírito é quen dá vida, a carne non vale para nada; as palabras que eu vos falei son espírito e son vida. E, aínda así, hai algúns de vós que non cren».

Pois ben sabía Xesús desde o principio quen eran os que non crían e mais quen o había de entregar. E proseguíu:

– «Por iso téñovos dito que ninguén pode vir a min, se non llo concede o Pai».

Desde aquela moitos dos seus discípulos botáronse para atrás, e xa non andaban con el. Preguntoulles entón Xesús ós Doce:

– «¿Vós tamén vos queredes ir?»

Respondeulle Simón Pedro:

– «Señor, ¿e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna, e nós cremos e recoñecemos que ti es o Santo de Deus.»